

MARÍA VICTORIA MORENO: ENSAÍSTA

MARÍA VICTORIA MORENO: ESSAYIST

Manuel Bragado
Edicións Xerais de Galicia

Resumo: Este traballo percorre o perfil de ensaísta de María Victoria Moreno. Nesta órbita destaca o seu *Diario da luz e a sombra* (2004), a crónica como enferma do cancro de mama que acabaría coa súa vida. A obra, a súa peza ensaística principal, mestura fíos autobiográficos con reflexións filosóficas, literarias e mesmo relixiosas. É, de feito, unha guía esencial para o coñecemento da poética da vida de María Victoria Moreno, na que sobresaen o valor da amizade e da rede dos afectos.

Abstract: This work explores the profile of essayist María Victoria Moreno. In this field, her *Diary of Light and Shadow* (2004) merits special attention, as her chronicle of a breast cancer that would end her life. The work, her principal contribution to the essay, combines autobiographical threads with philosophical, literary and even religious reflections. It is, in fact, an essential guide for the knowledge of the poetic life of María Victoria Moreno, in which the value of friendship and the network of affections stand out.

Palabras chave: María Victoria Moreno, *Diario da luz e a sombra*, ensaio, autobiografía.

Key words: María Victoria Moreno, *Diario da luz e a sombra*, [*Diary of Light and Shadow*], essay, autobiography.

Nunca saberei agradecer o privilexio que me concedeu a escritora María Victoria Moreno de ser o editor dos seus últimos libros. Apenas dous anos nos que compartimos as angueiras das edicións do seu ensaio *Diario da luz e a sombra* (2004) na colección Xerais Crónica e de *Eu conto, ti cantas* (2005), un libro de contos de animais en verso. Proxectos nados despois dunha conversa inesquecible na Feira do Libro de Pontevedra de 2003, que ela mesma inaugurara cun pregón espectacular, toda unha arenga rimada, na que chufou ben chufada a Pontevedra do alcalde Miguel Anxo Lores, na que se definiu como escritora “snob e insurrecta”, “anque moitos paus lle deran”, na que agarimou os seus alumnos e alumnas dos institutos Valle-Inclán e Torrente Ballester e na que tamén gabou os libreiros (ela tamén o fora da librería Xuntanza nos anos setenta) como “intermediarios de mercadorías sen fronteiras, traficantes dunha droga que sustenta os espíritos inquedos e ennobrece as ideas”.

Outra intervención xenial desta letraferida amante do Quixote, Lorca e Miguel o de Orihuela, nacida en Valencia de Alcántara, de orixe andaluza por parte da súa nai mestra e de labregos acomodados da raia entre Cáceres e Toledo por parte do seu pai militar que, despois de estudar o bacharelato en Barcelona e a carreira de Filoloxía Románica en Madrid, chegou casualmente a Pontevedra en 1963 como profesora interina do instituto feminino. Casualidades, que despois de dous anos en Lugo, onde coñeceu o profesor Xesús Alonso Montero e comprendeu a distribución social da lingua galega, a levaron a escoller facer a súa vida na vila do Lérez e a instalarse con todas as consecuencias no galego, idioma que aprendeu decontado como boa políglota (falaba, ademais, francés, catalán, italiano, portugués e algo de romanés) e do que chegaría a ser profesora clandestina nos anos do tardofranquismo. Escollas de cidadanía que estendeu a escribir tamén toda a súa obra literaria en galego, desde os primeiros contos para a rapazada, que presentaría a comezos dos setenta aos certames do Facho, á súa primeira obra publicada, *Mar adiante* (1973), a historia dunha mestra que puxo escola nun barco, o Arroás, sen dúbida, unha das novelas fundadoras da literatura infantil en galego.

Abondou un café demorado na terraza pontevedresa do Blanco y Negro para que María Victoria me propuxese que Xerais editase un libro sobre a súa experiencia, dende 1997, como enferma de cancro de mama, nuns tempos nos que tal doenza se entendía como unha ameaza mortal. Aceptei decontado convite tan valente, xa que sempre admirara a pulsión literaria e a afouteza da pontevedresa, probablemente desde que lera o seu memorable *Leonardo e os fontaneiros* (1986), unha das obras máis valoradas por ela, novela que creo pode considerarse como unha das primeiras de corte realista da literatura infantil en galego, da que insistimos foi pioneira.

I.T.V. (DIARIO DA LUZ E A SOMBRA)

Cando me enviou o orixinal do ensaio, co título inicial de *I.T.V. (diario da luz e a sombra)* só me puxo dúas condicións: primeira, que se decidía finalmente editalo, lle propuxese as modificacións que me parecían máis oportunas (foron moi escasas, o texto pareceume xa na primeira volta unha peza literaria pulcra e de beleza desconcertante); segundo, que lle escribise un prólogo. Así o fixen, o mellor que puiden, treméndome moitas veces as mans sobre o portátil, contaxiado pola súa aposta pola vida e pola esperanza nun texto autobiográfico escrito en condicións inclementes.

Durante aqueles meses de edición do seu diario, cando compartimos na súa casa con ela e co seu compañeiro, o escritor Pedro Ferriol, con quen formou a Sociedade literaria Olmo, un bo vaso de viño tinto e unhas cabichas ben apuradas, comunicounos a súa convicción de que nunca é tempo de abri-lle as portas á desolación, insistíndonos na importancia de conservar todo aquilo que lle confire á vida un valor, de descubrir nas rutinas diarias, por dolorosas ou difíciles que sexan as situacións, pequenos praceres insospeitados, do amor polos animais, de establecer vencellos afectivos e amorosos coas amizades ou contar coa serenidade abonda para afrontar os contratempos do devir cotián. Toda unha declaración de principios do que se recolle na obra que finalmente acordamos se titulase *Diario da luz e a sombra*, que apareceu nas librarías a finais do mes de outubro de 2004.

Obra que, acompañados de Xosé Ramón Couto Fariña, presentamos no Ate-
neo de Pontevedra aquel 13 de decembro de 2004, un día que non esqueceremos, apenas unhas horas despois de que María Victoria coñecese nunha das súas revisións periódicas co doutor García Arroyo, un dos médicos do servizo de Oncoloxía do Hospital Montecelo de Pontevedra, aos que dedicou o libro pola súa “calidade humana e competencia profesional”, que o cancro non só non se detivera senón que se producira metástase no fígado. Tras contar-lle á súa filla Begoña, ás oito do serán, tal como estaba previsto, María Victoria sentou na mesa e falou diante dunha sala ategada de amizades, sen dar mostras en ningún momento do abatemento que debía sentir, cunha firmeza de carácter –como lembran os seus biógrafos Xavier Senín e Isabel Soto– unha coraxe e unha forza emocional envexable. Estremece hoxe a lembranza que Pedro Ferriol lles confesou aos biógrafos, asegurando que aquel día “estaba serena, riseira como nunca e contenta co seu novo libro”.

E non había ser tampouco o derradeiro, xa que nos seus últimos días, pouco antes de morrer o 22 de novembro de 2005, recibiu moi ilusionada os primeiros exemplares da edición en Xerais Merlín de *Eu conto, ti cantas* (2005) ilustrado por Manuel Uhía, o seu ilustrador favorito, que se ocupou de iluminar boa parte da súa obra infantil. Ferriol conta que en canto chegaron á casa correu a levarllos

ao hospital como bóla de pan quente “e, ao ter o libro por primeira vez nas mans, esqueceuse de todas as dores e deu en acariñalo esbozando un sorriso. Durante uns minutos púxose moi contenta”.

OUTRA OBRA ENSAÍSTICA

Diario da luz e a sombra, ao que logo volveremos, non foi a única obra ensaística publicada por María Victoria Moreno, xa que ademais da súa obra didáctica para a editorial Galaxia, os libros de Literatura Galega de 3º de BUP e COU que compartiu en 1985 e 1987 con Xesús Rábade Paredes e Luís Alonso Gírgado, e a preparación da antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973) e dalgún prólogo e artigo, foron salientables dous títulos da colección Andel de divulgación arredor do libro, a lectura, a lingua e a literatura que publicaba a Dirección Xeral de Cultura. Refírome á monografía de 68 páxinas *As linguas de España*, publicada en 1991, unha peza didáctica que non perdeu actualidade ningunha, comezada pola famosa cita de Cunqueiro, “Louvado sexa deus tamén por terme dado o don da fala nosa”, e rematada por un lista dos nomes máis frecuentes nas catro linguas oficiais españolas. Libríño ao que meses despois, tamén en 1991, acompañaría na mesma colección e con idénticas intencións didácticas a monografía de 80 páxinas *Verso e prosa*, un ensaio sobre a linguaxe literaria e sobre a tipoloxía textual, anticipándose a publicacións sobre esta temática que serían despois moi frecuentes coa renovación da didáctica da lingua e da literatura que se desenvolveu ao longo desta década.

Neste repaso sobre a obra ensaística de María Victoria Moreno non pode faltar esa alfaia filolóxica titulada “Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto no que recibiu O Pedrón de Ouro” o 24 de maio de 1992, recollida por Claudio Rodríguez Fer no libro *Comentarios de textos populares e de masas* (1994a). Un traballo filolóxico complexo, dedicado a Camilo Agrasar Vidal, o custodio da Casa de Rosalía durante catro décadas, no que María Victoria Moreno somete o discurso de Alonso aos preceptos establecidos por Quintiliano no seu tratado *De institutione oratoria*, respectados por todos os oradores que, rendendo culto á palabra como instrumento para a comunicación e como materia susceptible de elaboración artística, fixeron da elocuencia a arte de deleitar e convencer. Un texto no que Moreno non dubida en afirmar que neste eido da literatura oral foi Ramón Otero Pedrayo a primeira figura galega de relevo universal, fundador dunha orde da elocuencia da cal “o confrade máis ortodoxo e brillante é Xesús Alonso Montero”, ao tempo que identifica neste discurso ese “dicir pausado e solemne que caracteriza a oratoria ortodoxa”.

Outro texto ensaístico de interese de María Victoria Moreno é “¿Escritora alófona eu”, incluído no libro *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*

(1994b), do que foron editores Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado, no que nega a etiqueta de alófona e confesa a súa historia de amor coa lingua galega e o seu carácter de escritora autófona.

O poema “Carta de amor”, incluído no volume colectivo *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra* (2003), como o Pregón en verso lido na Feira do Libro de Pontevedra en 2003, poden ser considerados dalgún xeito como textos ensaísticos e ao mesmo tempo autobiográficos na medida que desvelan moitas das súas querenzas máis íntimas e expresan as súas conviccións morais.

OS CONTIDOS DO DIARIO DA LUZ E A SOMBRA

Non obstante, como xa adiantamos ao comezo *Diario da luz e a sombra*, a obra editada en 2004 e reeditada en 2017, é a súa peza ensaística principal, na que se mesturan moitos fíos autobiográficos con reflexións filosóficas, literarias e mesmo relixiosas. Un libro onde recolle a súa crónica como enferma de cancro de mama, dende a serenidade e a coraxe de quen sabe que unha doenza, por grave que for, non muda a personalidade de ninguén, senón que apenas resalta os trazos característicos de cadaquén. Velaí a mirada humilde, froito dun optimismo sensato, de quen posúe a convicción de que nunca é tempo de abri-lle as portas á desolación. Páxinas afoutas, enchidas, paradoxalmente, de humor e tamén dalgunhas bágoas, constitúe un exercicio de humildade e de confianza nas posibilidades dos seres humanos.

Velaí a grandeza humana e literaria deste texto narrativo non ficcional que lle devolve ao lector ou á lectora a ilusión necesaria para conservar todo aquilo que lle confire á vida un valor, até entón quizais subestimado. Vencida a revolta interior do primeiro choque brutal e as aflicións provocadas pola fase inicial da enfermidade, o que a autora denomina “A subida á alta rocha”, asociadas ao medo ao descoñecido, este texto literariamente fermoso demostra que é posible, por difíciles e dolorosas que sexan as situacións (como son os efectos dos “xutes” da quimioterapia), descubrir nas rutinas diarias pequenos praceres insospeitados, establecer vencellos afectivos ou amorosos que doutra forma non serían identificados, ou contar coa serenidade suficiente para afrontar os contratemplos do devir cotián. En definitiva, destilación de vida en estado puro.

O OFICIO DE MESTRA

Un libro no que María Victoria Moreno aborda outras temáticas, constituíndo unha guía esencial para o coñecemento da súa poética da vida. En primeiro lugar, a importancia que para ela mesma tiña o seu oficio de mestra, ao que dedicou toda a súa vida: “son unha profesora que pasou a súa vida sementando para o futuro,

pensando nos que veñen detrás e soñando para eles un mundo mellor do que me cadrou a min” (2004: 119). Ou esoutra frase, da que non dubido en apropiarme, “o meu corazón florece nas aulas” (2004: 23), cando se refire á actitude do profesorado: “[Os cachorros, así lle chamaba ela con retranca ao seu alumnado] aman os profesores que ven felices porque intúen amor nesa felicidade e detestan os que ven tristes porque intúen desamor nesa tristeza. Así a aula pode ser, para todos, un paraíso ou un inferno” (2004: 16). Ou para máis abundamento:

Se acado atención na aula non medro eu, senón a responsabilidade de facer ben o meu traballo e de sementar nos meus alumnos os elementos imprescindibles para que poidan ser no futuro máis honestos, máis veraces, máis solidarios, máis cultos, máis libres, máis felices... (2004: 17).

Toda unha declaración pedagóxica de quen foi lembrada como profesora marcante por alumnas como Rosario Álvarez ou Moncha Fuentes, por citar só algunhas, hoxe escritoras, nas aulas pontevedresas.

A LECTURA, A ESCRITURA E A AMIZADE

Profesora que inculcou no seu alumnado o hábito da lectura “porque abre portas a mundos descoñecidos, descobre ideas novas, dá temas para a conversa e mesmo esperta o noso sentido crítico ante opinións coas que estamos en desacordo” (2004: 100). Hábito para ela inseparable da escritura, “que tanto me ten axudado a min desde que era adolescente” (2004: 107).

Un bolígrafo, unha folla de papel en branco e uns minutos de soidade son máis que suficiente para descubrirmos a nós mesmos e para ordenar desde dentro este mundo que tantas veces nos parece incompreensible (2004: 107).

Nestas páxinas insiste María Victoria no valor da amizade e da rede dos afectos, “precisaba un café ben conversado” (2004: 17), “se non tes dereito a apesara a ninguén, nin sequera ós que te apesaran a ti, menos aínda o tes de apesara os que che dan a cotío flores de ledicia” (2004: 18).

Sempre, xa desde moi pequena, cando aínda era filla única nunha familia que gozaba de situación privilexiada nos duros tempos da posguerra, amosei a necesidade case patolóxica de compañía, de gozar do agarimo dos que me rodeaban e de sentir a súa protección (2004: 87).

Como confesa a importancia que nos primeiros pasos da vida tivo Tata Po, a muller que a coidaba, como o desamparo que provocou a ausencia do seu pai, falecido cando tiña dez anos. “O meu descubrimento é que, compartindo ledicias, todos os que entramos no reparto tocamos a máis. Compartindo pesares, todos tocamos a menos, incluso a nada en certas ocasións” (2004: 89).

Convicción na que insiste na súa orde de valores: “A ledicia abre camiños á relación cos outros e a tristura péchaos. A ledicia cheira ben, como a flores, e a tristura cheira mal, como a feces” (2004: 59). O que a leva a defender a importancia da risa, o humor e a da retranca que tinxe (paradoxalmente) moitas destas páxinas.

A SERENIDADE DOS ANIMAIS

Nestas páxinas María Victoria confesa a súa querenza polo trato cos animais e a contemplación respectuosa e amigable da súa conduta o que a ela lle proporciona unha reconfortante sensación de serenidade capaz de substituír o pesar e a angustia.

Animalíños tan pouco comunicativos coma os peixes apodéranse da atención de quen, sentado fronte a un acuario, os observa. E hai algo especial na harmonía dos seus movementos ou no misterio das súas expresións. Algo que enfeitiza e transmite benestar (2004: 103).

Xaora, os cans constitúen para ela un capítulo á parte:

Non só é que sexan os mais fieis, os máis intelixentes e os máis amorosos. É tamén que posúen facultades mentais diferentes das humanas, tales como a telepatía, e no seu trato coas persoas amosan a capacidade de entendelas sen necesidade de palabras, de coñecer os seus estados de ánimo e de provocar respostas positivas (2004: 105).

Para engadir que “os animais poden incluso cambiar a imaxe que un ten de si mesmo” (2004: 106).

OPTIMISMO SENSATO

María Victoria confesa que practica e practicou sempre “o que podería chamarse *optimismo sensato*, que consiste en ser consciente da situación, aceptala porque non hai outra saída e buscar dentro dela todas as posibles alternativas gozosas, que son moitas” (2004: 49). Con todo, confésase egocéntrica: “Querería que o mundo

enteiro mirase para min e que se conmovese ante o meu outono persoal como eu me conmovo ante o castiñeiro cheo de ourizos” (2004: 43).

AMOR

Nas páxinas do diario, María Victoria dá conta do inicio da súa relación sentimental co escritor Pedro Ferriol e confesa o seu entusiasmo polo que está vivindo: “qué bonita é a vida, qué bonita é a carta que recibín e qué bonito é este vivir na flor da pel e atopar unha alma que se achega docemente para ofrecerche as flores que garda” (2004: 97).

PASEATA ARREDOR DA MORTE

O diálogo co ensaio de Domingo García-Sabell *Paseata arredor da morte* (1999) constitúe a cerna deste ensaio de Moreno. Utilizando o recurso á paráfrase, a nosa autora reescribe as setes fases coas que o enfermo se enfronta coa morte como realidade inevitable cando chega a ser consciente de que a súa situación é irreversible: a *fase de choque*, coas súas sensacións de soidade e desamparo; a *fase de denegación*, na que cómpre buscar axudas, que ela confesa non ter vivido; a *fase de cólera*, cando o mundo se fai aborrecible; a *fase de depresión*, caracterizada pola fonda tristura, centrada na preocupación polo futuro dos familiares que nos van sobrevivir; a *fase do trato coa doenza*, na que se emprende unha peculiar loita coa morte, utilizando as armas da razón; a fase de aceptación, na que no derradeiro treito da vida se suscita a curiosidade polo alén, que Moreno identifica “na fusión total co cosmos ou, o que é o mesmo, na fusión total con Deus” (2004: 83), recollido por ela no soneto “Namorada de outonos e solpores” (2004: 84); sendo a sétima e derradeira fase neste proceso de achegamento á morte o que Sabell denomina *fase de tronxadura da comunicación*:

na cal o enfermo se converte nun estraño e experimenta vivencias que non comunica e que non poden ser entendidas nin imaxinadas polas persoas que o acompañan, incluído o médico que atende (2004: 84).

Tras este percorrido, María Victoria conclúe que

Saber de antemán cómo se emprende a derradeira viaxe, sobre todo se persoas de credibilidade innegable nos aseguran que despois dos sufrimentos chega a paz, pode ter efectos moi positivos no noso camiñar cara a meta común a todos os mortais (2004: 85).

Nas páxinas finais do ensaio, Moreno dialoga co texto de Moncho Valcarce, o crego nacionalista, o famoso Cura das Encrobas, que padeceu un cancro que o levou á morte, *Diario íntimo da doenza final* (1994). Respectando esta posición mística de Valcarce, na que son moi salientables o enaltecedo do amor e da amizade como a vida do alén, María Victoria dentro do panorama da desolación identifica

con nitidez a idea dunha inmortalidade reducida, íntima e familiar, que tamén é moi consoladora: non todo remata na partida –dicimos– porque eu quixen sempre estar cos meus, quero seguir estando e estarei... (2004: 111).

Inmortalidade como memoria familiar e amical: “Non por unha eternidade, non ata a fin do mundo, senón xusto mentres estean aquí aqueles que me amaron” (2004: 111).

Para rematar enxergando o territorio da esperanza:

é moi reconfortante saber que a nosa presenza chegará sempre oportunamente á festa familiar onde ninguén ousará suplantarnos [...]. Un perfume, un prato ben cocinado, unha canción, un ceo de primavera... Ata o propio silencio da nosa ausencia falará de nós ós que nos aman. ¿Que máis podemos querer? ¿Non é isto, a seguranza de ter isto, un fermoso xeito de inmortalidade? (2004: 111-112).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- García Sabell, Domingo (1999): *Paseata arredor da morte*. Vigo: Galaxia.
- Moreno, María Victoria (ed.) (1973): *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*. Arealonga 3. Madrid: Akal.
- (1986): *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia / SM.
- (1991a): *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1991b): *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- (1994a): “Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto en que recibiu o Pedrón de Ouro”, en Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Comentario de textos populares e de masas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 119-143.
- (1994b): “¿Escritora alófona eu?”, en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I. Congreso*. Vigo: Galaxia, 107-111.
- (2003): “Carta de amor”, en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (coords.), *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 59.
- (2004): *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2005): *Eu conto, ti cantas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2006): *Elexías de luz*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Valcarce, Moncho (1994): *Revolucionario e místico. Diario íntimo da doenza final*. Santiago de Compostela: Monografías de Encrucillada.